

FUNDACIÓN INSTITUTO TECNOLÓGICO DE GALICIA



Situación: Pol. P.O.CO.MA.CO.,
Sector I, Portal 5 - 15190 A CORUÑA
Teléfono: : 981173206
Fax: 981173223
www.itg.es
itg@itg.es



O Instituto Tecnológico de Galicia (ITG) é unha Fundación privada sen ánimo de lucro, constituída polos principais colexios profesionais técnicos de Galicia, a Confederación de Empresarios de Galicia, os Vicerreitorados de Investigación das Universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, e a Xunta de Galicia, acumulando 17 anos de experiencia na súa actividade.

O ITG ten como misión contribuír a mellorar a capacidade competitiva das empresas, os profesionais e as organizacións de Galicia, facilitando o seu acceso ás actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, e impulsando os procesos de innovación e mellora continua.

O ITG ten unha elevada especialización en actividades horizontais relacionadas coas novas tecnoloxías das comunicacións, a instrumentación e control, o desenvolvemento de software, a eficiencia enerxética, e a xestión da innovación en múltiples sectores de actividade.

Recursos humanos

O persoal do ITG está formado actualmente por 26 profesionais, dos cales 23 son titulados universitarios, e posúe un marcado carácter multidisciplinar. Así, no ITG desempeñan o seu labor enxeñeiros industriais, enxeñeiros de telecomunicacións, arquitectos, enxeñeiros técnicos industriais, arquitectos técnicos, avogados, matemáticos, economistas e titulados en ciencias empresariais, entre outros.

Organización / Áreas de traballo

A Fundación ten unha estrutura matricial, coas seguintes áreas funcionais:

- Área de I+D.
- Sensorización, instrumentación e control.
- Eficiencia enerxética.
- Enxeñaría do software.
- Xestión da innovación.
- Tecnoloxías da Edificación.
- Formación e xestión do coñecemento.

Instalacións / Equipamento

O ITG ten a súa sede central no Polígono de P.O.CO.MA.CO., situado en A Coruña. Nestas instalacións de 500 m² están habilitados os servizos centrais da Fundación, e conta con servizos de última xeración relacionados coas Tecnoloxías da Información e as Comunicacións.



Servizos

Os servizos que ofrece o ITG son: servizos que abarcan o ciclo completo da I+D, mediante a promoción e execución de proxectos de Investigación Aplicada, Desenvolvemento, Innovación e Transferencia Tecnolóxica, fomentando a participación de PEMES galegas en programas nacionais e internacionais de apoio á I+D+i; servizos técnicos e de asesoramento na área das TIC, en particular solucións sen fíos, sensorización e sistemas de control; servizos relacionados co desenvolvemento de software, en especial os relacionados co desenvolvemento e implantación de solucións "open source"; servizos avanzados de consultoría tecnolóxica e de xestión, concretamente nos ámbitos da xestión da innovación, planes tecnolóxicos, xestión de carteira e vixilancia tecnolóxica; e servizos de difusión e formación.

Proxectos destacados

- "Desenvolvemento dun sistema de detección temperá de patoloxías estruturais da construción sobre redes sensoriais intelixentes de baixo consumo": Bigpeel. INCITE 2008.
- "Deseño e desenvolvemento dun sistema de encofrado baseado en composites plásticos": Encosites. INCITE 2008.
- "Rede de sensores inalámbrica sobre tecnoloxía Zigbee para a alerta medioambiental de costas e ríos": Zigsea. INCITE 2007.
- "Deseño e implantación dun sistema de xestión da innovación en PEMES": Modelinnova. Innoempresa 2007.
- Proxecto Tractor de investigación en novos sistemas de comunicacións e servizos baseados en comunicacións móbiles entre vehículos (v2v) e entre vehículos e infraestruturas (v2i): Te-comveh. AVANZA I+D.
- "Desenvolvemento dun modelo de consumo enerxético eficiente en PEMES": Gener. INTE-REG III.A.

Colaboracións, convenios ou alianzas con outras entidades

O ITG mantén máis de 30 convenios de colaboración e contratos coas Universidades galegas, grupos de investigación, diversas Consellerías da Xunta de Galicia, outros Centros Tecnolóxicos, Asociacións Empresariais, empresas e outras entidades de intermediación.

Acreditacións e certificacións

O ITG converteuse no primeiro centro tecnolóxico privado de Galicia en acceder á certificación UNE 166.002 de xestión da I+D+i, e dispón dunha acreditación ISO 9001 de Calidade, ámbalas dúas referendadas por AENOR. Asemade, ITG é recoñecido como OTRI (Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación) polo Ministerio de Ciencia e Innovación, como Organismo de I+D polo Ministerio de Industria Turismo e Comercio, e como Contratista da Administración no epígrafe "V2: Desenvolvemento e mantemento de sistemas informáticos".

Propiedade industrial

- Presupuesta.com© : Portal de servizos avanzados para ó sector da Construción
- HGPYME© : ERP empresarial en código aberto con desenvolvementos específicos de xestión da I+D+i, Cadros de Mando, Factura Electrónica, Voz IP e Mobilidade.